

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

ORDE do 23 de setembro de 2022 pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a contratación de profesorado de apoio e reforzo PROA+ (Plan Recupera) nos cursos 2022/23 e 2023/24, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento ED301M).

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola LOMLOE, Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, recolle entre os seus principios a equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades, tamén entre mulleres e homes, que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de calquera tipo de discapacidade, de acordo co establecido na Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade, ratificada en 2008 por España.

No seu artigo 120 establécese que as administracións educativas favorecerán a autonomía dos centros de forma que os seus recursos económicos, materiais e humanos poidan dar resposta e viabilidade aos proxectos educativos e propostas de organización que elaboren, unha vez que sexan convenientemente avaliados e valorados.

O desenvolvemento lexislativo propio de Galicia afonda neste principio, tanto desde o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, coma no mesmo desenvolvemento curricular das distintas ensinanzas. Os decretos polos cales se establecen os currículos das distintas etapas de educación infantil, primaria e secundaria poñen en valor o principio de autonomía dos centros, que lles permite desenvolver o seu proxecto educativo, no que se especifican os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. No proceso para acadar o máximo desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado, a atención á diversidade, a detección temperá e a adopción de medidas de intervención educativa adecuadas a cada alumno ou alumna son elementos esenciais. Sendo así, a avaliación, tanto a continua como a final, constitúe un instrumento básico na mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, que permite unha diagnose para



o establecemento das medidas necesarias de atención educativa que se articulen mediante plans específicos de mellora.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades puxo en marcha no curso 2021/22 o Plan Recupera para reducir o impacto que a COVID-19 tivo sobre o alumnado e as súas repercusións futuras, e proporcionar a atención educativa necesaria para a compensación de desigualdades xurdidas por esta situación. Este plan constitúese como o marco para a mellora dos resultados escolares do alumnado, especialmente o máis vulnerable, e reflicte a estratexia de fomento da calidade, a equidade, a inclusión e o éxito na educación e formación. Neste contexto seleccionáronse os apoios necesarios ao alumnado que os requira e aos centros en que estea escolarizado.

Para alcanzar esta meta póñense en marcha medidas de reforzo docente a través do programa PROA+ (Programa para a orientación, avance e enriquecemento educativo 2021-2024, cofinanciado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia).

A instrumentación da execución dos recursos financeiros procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia realizarase a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, de conformidade co establecido pola decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (*Council Implementing Decision-CID*), do 13 de xullo de 2021.

Esta actuación correspóndese co investimento 2 do compoñente 21 (C21.I2), referido á modernización e dixitalización do sistema educativo, incluída a educación temperá de 0-3 anos do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR).

Este investimento cumpre coa normativa sobre transición verde e dixital. A medida, en todo o seu ciclo de vida, polo seu deseño, ten un impacto negativo nulo ou insignificante sobre os obxectivos ambientais do principio DNSH.

Os proxectos que constitúen o devandito plan permitirán a realización de reformas estruturais os próximos anos, mediante cambios normativos e investimentos e, por tanto, posibilitarán un cambio do modelo produtivo para a recuperación da economía tras a pandemia causada pola COVID-19 e, ademais, unha transformación cara a unha estrutura máis resiliente que afronte con éxito outras posibles crises ou desafíos no futuro.



En virtude das atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

A presente orde ten por obxecto regular o procedemento de solicitude e concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a centros con concerto en ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e/ou formación profesional básica para a contratación de profesorado de apoio e reforzo e desenvolvemento do programa PROA+ nos cursos 2022/23 e 2023/24, no marco do Plan Recupera.

Esta convocatoria, para os efectos da súa identificación e acceso por parte das persoas interesadas aos formularios de inicio -na sede electrónica da Xunta de Galicia-, denomínase Axudas a centros privados concertados para a contratación de profesorado de reforzo, código de procedemento ED301M.

Artigo 2. Financiamento e contía das axudas

1. O financiamento das axudas previstas nesta orde efectuarase con cargo á partida orzamentaria 10.30.423B.482.0 por un importe máximo de 257.464,80 € con cargo ao orzamento de 2022, por importe de 643.662,00 €, para o 2023, e 386.197,20 €, para o 2024.

2. Dado que esta convocatoria abrangue o labor do profesorado de apoio e reforzo durante os cursos 2022/23 e 2023/24, o orzamento desta convocatoria poderá cubrir os gastos orixinados entre setembro de 2022 e xuño de 2024.

3. A contía máxima da axuda para cada centro determinarase de acordo cos criterios de selección establecidos no artigo 8 desta orde.

Artigo 3. Réxime xurídico aplicable

1. Respecto a todo o non previsto nesta orde, observarase o disposto nas seguintes normas, entre outras, de procedente aplicación:

a) Regulamento (UE) nº 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro, polo que se establece un instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.



b) Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia.

c) Normativa comunitaria de desenvolvemento dos citados regulamentos, así como resto de normas da Unión Europea sobre a materia e estatais de desenvolvemento ou transposición destas.

d) Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

e) Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que deben proporcionar as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

f) Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

g) Real decreto 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

h) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

j) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

k) Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento.

l) Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

m) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

n) Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.



2. As axudas previstas nestas bases reguladoras estarán sometidas á plena aplicación dos procedementos de xestión e control que se establezan para o Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE e demais normativa da Unión Europea aplicable á xestión, así como ás obrigas específicas relativas á información e publicidade, verificación e demais impostas pola normativa da Unión Europea.

3. Por outra parte, estas axudas non constitúen unha axuda de Estado, nos termos previstos nos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE), pois a súa concesión non falsea nin ameaza falsear a competencia, favorecendo a determinadas empresas ou producións, ao ser as entidades beneficiarias de subvención os centros educativos sostidos con fondos públicos.

CAPÍTULO II

Finalidade das axudas e requisitos para podelas solicitar

Artigo 4. Obxectivo xeral do programa e finalidade das axudas

O obxectivo do programa é acadar o éxito escolar de todo o alumnado, facendo especial fincapé naquel en situación de vulnerabilidade socioeducativa, creando unha cultura que busque o éxito e a permanencia no sistema educativo de todo o alumnado.

As axudas reguladas nesta orde utilizaranse para a contratación de profesorado de apoio e reforzo nos cursos 2022/23 e 2023/24 en centros privados con concerto en ensinanza de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e /ou formación profesional básica da Comunidade Autónoma de Galicia a través do programa PROA+.

Artigo 5. Requisitos dos centros

Os centros privados concertados que desexen optar a estas axudas deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Acreditar unha porcentaxe mínima dun 30 % de alumnado vulnerable no conxunto das etapas de educación infantil (2º ciclo), primaria e/ou secundaria obrigatoria. Enténdese por alumnado vulnerable nun sentido amplo aquel que presente algunha das circunstancias que se describen a continuación: necesidades asistenciais (alimentación, vivenda e subministración básica, etc.), escolares (clima familiar propicio, fenda dixital, material escolar, etc.), necesidades socioeducativas (actividades complementarias, extraescolares, etc.), necesidades educativas especiais, altas capacidades intelectuais, dificultades específicas



de aprendizaxe, incorporación tardía ao sistema educativo, dificultades para a aprendizaxe por necesidades non cubertas. Todas elas son barreiras que condicionan as posibilidades de éxito educativo do alumnado.

2. Contar coa aprobación dun mínimo do 60 % do Claustro de Profesorado.

3. Formalizar un contrato coa persoa de apoio e reforzo de natureza laboral ou mercantil cunha duración non inferior a sete meses. No caso de persoas que desenvolvan esta función no marco de programas de formación vinculados a acordos con entidades ou organismos públicos e privados amparados polo Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participan en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, deberán acreditar a existencia do acordo en que se encadra a actuación da persoa contratada e os termos do desenvolvemento das prácticas.

4. Non poderán ter a condición de beneficiarios das axudas previstas nesta orde os centros privados concertados en que se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para os efectos de simplificación da acreditación do cumprimento de obrigas coa consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesouraría Xeral de Seguridade Social, a entidade beneficiaria presentará a declaración responsable prevista no artigo 11 do Regulamento da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recollida nos anexos I e II.

CAPÍTULO III

Solicitud e prazos

Artigo 6. Forma e prazo de presentación da solicitude

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na Sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas pre-



sentada a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. A solicitude estará asinada pola persoa representante do centro educativo.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

4. No caso de presentación doutras axudas para o mesmo proxecto ou actividade, a persoa solicitante indicará na declaración responsable da solicitude (anexo I) o conxunto de todas as presentadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados e a súa contía. No caso contrario, declarará non ter solicitado.

E, en todo caso, a persoa solicitante declarará non estar incurso en ningunha das circunstancias que, de conformidade co artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, impide obter a condición de beneficiaria; e, así mesmo, que asume o compromiso de manter o cumprimento deste requisito durante o período de tempo de xestión e xustificación da subvención.

Artigo 7. *Documentación complementaria*

O centro educativo interesado deberá achegar coa solicitude a seguinte documentación:

1. Certificado asinado pola persoa responsable no que se faga constar:

a) A porcentaxe de alumnado vulnerable matriculado no centro.

b) O número total de alumnado matriculado no centro.

c) A porcentaxe de alumnado escolarizado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado no nivel para o que se solicita o reforzo educativo.

d) A porcentaxe de alumnado con áreas o materias do ámbito científico-matemático non superadas no curso anterior, matriculado no nivel para o que se solicita o reforzo educativo.



e) A porcentaxe de alumando con áreas ou materias do ámbito sociolingüístico non superadas no curso anterior, matriculado no nivel para o que se solicita o reforzo educativo.

2. Declaración responsable de ausencia de conflito de intereses (DACI) en relación coa prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses que establece a normativa española e europea e os pronunciamentos que, respecto da protección dos intereses financeiros da Unión, realízanse ou poidan realizar as institucións da Unión Europea (anexo IV). A da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro).

3. Declaración responsable de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), establecida no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, para a identificación do receptor final de fondos (anexo IV). B da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro).

4. Declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) (anexo IV). C da Orde HPF/1030/2021).

5. Declaración responsable, no caso das empresas que resultasen beneficiarias dos préstamos ou anticipos con cargo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia en exercicios anteriores, de estar ao día no pagamento das obrigacións de reembolso de calquera outro préstamo ou anticipo concedido anteriormente con cargo aos créditos especificamente consignados para a xestión destes fondos nos orzamentos xerais do Estado.

6. Declaración responsable de que cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación.

7. Aceptación da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A documentación complementaria deberase presentar obrigatoriamente por medios electrónicos.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica.



Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 8. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa representante.
- b) NIF da entidade representante.
- c) NIF da entidade solicitante.
- d) Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social.
- e) Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á Axencia Estatal de Administración Tributaria.



g) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

h) Consulta de concesión de subvencións e axudas.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de solicitude (anexo I) e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

2. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos datos citados poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 9. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na Sede electrónica da Xunta de Galicia.

CAPÍTULO IV

Procedemento para adxudicación

Artigo 10. *Criterios de selección*

1. Os centros educativos seleccionaranse a partir da puntuación obtida atendendo os seguintes criterios:

a) Porcentaxe de alumnado vulnerable no centro educativo, ata un máximo de 22 puntos. Asignaranse 22 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe deste perfil de alumnado, en relación ao total do alumnado matriculado, e 0 puntos ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

Para a solicitude da subvención os centros deberán acreditar unha porcentaxe mínima dun 30 % de alumnado vulnerable no conxunto das etapas de educación infantil (2º ciclo), primaria e/ou secundaria obrigatoria.



b) Número total de alumnado matriculado no centro, ata un máximo de 22 puntos. Asignaranse 22 puntos ao centro que conte con maior matrícula e 0 puntos ao centro con menor matrícula. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

c) Porcentaxe de alumnado escolarizado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado no nivel para o que se solicita o reforzo educativo, ata un máximo de 17 puntos.

Asignaranse 17 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe deste perfil de alumnado, en relación ao alumnado matriculado no nivel para o que solicita o reforzo educativo, e 0 puntos ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

d) Porcentaxe de alumnado con áreas ou materias do ámbito científico-matemático non superadas no curso anterior, matriculado no nivel para o que se solicita o reforzo educativo, ata 17 puntos.

Asignaranse 17 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado con avaliación negativa nas áreas ou materias do ámbito científico-matemático, e 0 puntos ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

e) Porcentaxe de alumnado con áreas ou materias do ámbito sociolingüístico non superadas no curso anterior, matriculado no nivel para o que se solicita o reforzo educativo, ata 17 puntos.

Asignaranse 17 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado con avaliación negativa nas áreas ou materias do ámbito sociolingüístico, e 0 puntos ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

f) Centros situados en concellos rurais de menos de 5.000 habitantes: 5 puntos.

2. A puntuación total de cada centro será a suma das puntuacións parciais asignadas en cada apartado, axustada á centésima máis próxima.

3. Se existise igualdade de puntuación asignada a dous ou máis centros e necesidade de desempate, seleccionárase aquel centro que obteña maior puntuación nos distintos apartados dos criterios expostos, segundo a orde establecida.



Estes criterios aplicaranse de forma independente para a distribución dos fondos.

Artigo 11. *Dotación económica segundo a puntuación*

1. Segundo a puntuación acadada, concederanse as seguintes axudas:

a) Valoración superior a 70 puntos: 10.000 €.

b) Valoración entre 50 e 70 puntos: 8.000 €.

c) Valoración entre 30 e 50 puntos: 6.000 €.

2. Os centros cunha puntuación inferior a 30 puntos quedan excluídos.

3. Dadas as limitacións orzamentarias establecidas no artigo 2 desta orde, poden non recibir subvención centros docentes que alcancen unha puntuación superior á mínima.

4. O máximo da axuda para a contratación ou contraprestación económica do profesorado de apoio e reforzo non superará os 10.000 € por curso.

5. Nunca se concederá subvención para a contratación ou contraprestación económica de máis dunha persoa por centro docente.

CAPÍTULO V

Desenvolvemento, actuacións e avaliación do programa

Artigo 12. *Actuacións para o desenvolvemento do programa*

1. A selección do alumnado deberá ser realizada polo equipo docente correspondente en coordinación co equipo directivo.

2. Planificación da intervención no centro docente:

a) Recollerase a planificación e a avaliación do programa na Programación Xeral Anual (en adiante, PXA) así como na memoria final. Se a PXA xa estiver aprobada, deberase aprobar unha modificación ou addenda desta que recolla a participación do centro no plan.



b) Informarase ás familias do alumnado seleccionado da participación dos/das seus/súas fillos/as no programa, sendo o profesorado titor o responsable de trasladar esa información.

c) A intervención directa co alumnado integrarase, preferentemente, no horario lectivo semanal do grupo-clase e o seu obxectivo centrarase no traballo e na mellora do rendemento académico do alumnado que é obxecto desta resolución.

d) Empregaranse metodoloxías activas, participativas, cooperativas, apoios na aula e a adopción doutras medidas organizativas.

e) A avaliación do alumnado será realizada polos docentes que imparten ensinanzas ao alumnado, oídas as valoracións do/da docente asignado/a ao programa, e desenvolverase de acordo coa lexislación vixente.

3. Participación do profesorado de reforzo:

a) O persoal docente asignado considerarase membro do claustro e, polo tanto, debe participar nel tendo en conta os seus dereitos e as súas obrigas como docente.

b) O horario complementario estará vinculado ao alumnado de reforzo e empregarse para a coordinación docente, a participación nas sesións do claustro, a coordinación co equipo docente de cada grupo e co departamento de orientación, as actividades formativas propostas polo centro e/ou a Administración educativa, así como para a atención e coordinación coas familias en colaboración coa persoa titora do grupo, baixo as directrices da xefatura de estudos.

c) O profesorado asignado redactará unha memoria para a súa inclusión na memoria do centro, especificando os aspectos máis relevantes do desenvolvemento do programa, xunto cunha valoración dos seus resultados. Así mesmo, asinará toda a documentación vinculada ao financiamento por parte do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

d) O profesorado asignado realizará o reforzo unicamente ao alumnado seleccionado en cada grupo-clase. Este alumnado non poderá superar a terceira parte do alumnado total matriculado nese grupo.



Artigo 13. Formalización dun contrato-programa

Os centros que sexan seleccionados terán que asinar coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades un contrato-programa que recollerá os acordos e compromisos de participación entre o centro e a consellería.

O contrato-programa explicitará, cando menos, o seguinte:

1. Os obxectivos que se perseguen, mediante os indicadores acordados, para cada actuación.

2. As actuacións a desenvolver.

3. Os compromisos do centro docente, que serán os seguintes:

a) Aplicar os principios pedagóxicos PROA+ (LOMLOE):

– A equidade que garanta a igualdade de oportunidades no acceso, o proceso e resultados educativos, e a non segregación dentro dos centros.

– A educación inclusiva como principio fundamental, de maneira que todo o alumnado aprenda conxuntamente e se atenda a súa diversidade.

– Expectativas positivas sobre as posibilidades de éxito de todo o alumnado.

– Acompañamento e orientación, prevención e detección temperá das dificultades de aprendizaxe, e posta en marcha de mecanismos de reforzo cando se detectan as dificultades.

– Relevancia da educación socioemocional para a aprendizaxe e benestar futuros.

– Emprego do coñecemento acumulado para a mellora continua do proceso de ensino-aprendizaxe.

b) Elaborar, desenvolver e avaliar un plan estratéxico de mellora, no marco do proxecto educativo no prazo que corresponda segundo o itinerario asignado ao centro e no marco do seu Proxecto Educativo, así como tamén a súa concreción do plan de actividades panca que pode variar entre cursos, como resultado do proceso de avaliación da súa aplicación, a través dun proceso participativo e de mellora continua.



- c) Participar de forma activa na formación.
- d) Integrar o programa PROA+ no funcionamento ordinario do centro.
- e) Render contas ante a Comisión establecida para tal efecto na Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) Facilitar todos os datos que se requiran, así como participar no seguimento e avaliación do programa PROA+.
- g) Aplicar, explicitar e desenvolver os principios pedagóxicos PROA+, tomando como modelo a escola inclusiva e non segregar internamente ao alumnado.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades realizará o asesoramento e o apoio necesario para a posta en marcha do programa a través de:

- a) Os servizos de inspección educativa, que realizarán a supervisión do desenvolvemento do programa e o asesoramento necesario para garantir o seu adecuado funcionamento.
- b) A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que asesorará e asistirá os centros educativos no desenvolvemento do programa.
- c) A formación específica para o equipo directivo e para o profesorado implicado, de ser o caso.

Artigo 14. *Seguimento e avaliación do contrato-programa*

1. O equipo directivo do centro supervisará o desenvolvemento do contrato-programa e dará conta aos órganos de participación e goberno, aos pais, nais ou titores/as legais, así como ás institucións que participan nel.

2. A inspección educativa realizará, ao longo do curso académico, o seguimento e a avaliación do programa e deberá informar de acordo coa planificación da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

3. Para o seguimento do contrato-programa establecerase unha Comisión de Seguimento do acordo entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o centro docente. Esta Comisión estará integrada por representantes da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, da dirección e mais da inspección do centro.



4. A Comisión estará presidida por unha persoa representante da Administración educativa e reunirse, no seu caso, a instancias dela. Esta Comisión ten as funcións seguintes:

a) Facer o seguimento e a avaliación da execución do acordo a partir da información que facilita o centro docente e a inspección educativa.

b) Analizar o grao de consecución dos obxectivos e compromisos acordados a través dos indicadores establecidos.

c) Formular propostas de modificación dos recursos en relación co desenvolvemento do programa.

d) Propor as modificacións que se consideren necesarias para a continuidade do programa ou a súa supresión, se é o caso.

5. A avaliación do programa realizada polo centro docente reflectirase nunha memoria que, ademais de servir para render contas ante a comunidade educativa, porase á disposición da Comisión de Seguimento do acordo e incluírase, así mesmo, na memoria anual do centro. Esta memoria será remitida á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

6. O centro docente ten que certificar o valor conseguido nos indicadores que establece o acordo e achegar a documentación que lle sexa requirida pola Comisión de Seguimento.

CAPÍTULO VI

Resolución

Artigo 15. *Comisión de Selección*

1. A selección das solicitudes realizaraa unha Comisión integrada polos seguintes membros:

a) Presidente/a: a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.

b) Vogais: dous vogais, con categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou membros da Inspección Educativa.



c) Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actuará como secretaria, con voz e sen voto.

2. A Comisión poderá dispoñer a constitución dunha Comisión Técnica, integrada por persoas asesoras da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, para os efectos de elaboración de informes sobre os plans de actuación presentados.

3. A percepción de asistencias destas comisións atenderá á categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Artigo 16. *Órganos competentes*

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da axuda e elaborará a proposta de resolución provisional.

Por outra parte, corresponderá á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ditar a resolución de concesión.

Artigo 17. *Resolución provisional*

Valoradas as solicitudes, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa publicará no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) a proposta de resolución provisional, co importe asignado a cada centro. A exposición abrirá un prazo de dez días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias á concesión das axudas ante a persoa que exerza a presidencia da Comisión.

Artigo 18. *Resolución definitiva*

1. Analizadas e resoltas as reclamacións presentadas contra a resolución provisional, a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa elevará ao conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a proposta de resolución definitiva, na cal se sinalará a concesión ou a denegación das axudas, así como, se é o caso, a exclusión daqueles centros docentes que non reúnan algún dos requisitos da convocatoria.

2. A resolución definitiva será ditada polo conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e publicarase no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>)



e no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo de tres meses, contado desde o remate do prazo de solicitude.

Nesta resolución tamén figurará que estas axudas están financiadas con cargo aos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea, establecido polo Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece o Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia; resultando de aplicación o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

3. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme os artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. Se transcorre o prazo máximo que se sinala no parágrafo segundo deste artigo sen que se publique a resolución definitiva, os centros solicitantes poderán entender desestimadas, por silencio administrativo, as súas solicitudes, para os efectos de interpoñer os recursos que procedan.

Artigo 19. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1



da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 20. Modificación da resolución

1. Unha vez ditada a resolución de concesión, o centro docente concertado beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido antes de que remate o prazo para a realización da actividade.

2. A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. En todo caso, a modificación da resolución de concesión deberá respectar o obxecto da subvención, as actuacións subvencionables e non dar lugar a actuacións deficientes e incompletas.

3. Para a modificación da resolución non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que ditou a resolución, tiveran lugar con posterioridade a ela.

4. Xunto coa solicitude, a entidade solicitante da modificación deberá presentar: memoria xustificativa da modificación, orzamento modificado e relación e identificación concreta dos cambios introducidos.

5. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, logo da instrución do correspondente expediente.

6. Cando a entidade beneficiaria da subvención poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta, que non alteren esencialmente a natureza ou os obxectivos da subvención, e que puidesen dar lugar á modificación da resolución conforme ao establecido no artigo 14.1.m) da Lei de subvencións de Galicia, téndose omitido o trámite de autorización administrativa previa para a súa aprobación, o órgano concedente da subvención poderá aceptar a xustificación presentada, sempre e cando tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros.

Esta aceptación por parte do órgano concedente non exime ao beneficiario das sancións que poidan corresponderlle conforme a citada Lei de subvencións de Galicia.



Artigo 21. *Renuncias*

Os centros docentes poderán renunciar á subvención nos dez días naturais seguintes ao da publicación da resolución provisional. A renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. No caso de que se comunicase a renuncia, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21 da citada lei.

Artigo 22. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na Sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán de oficio crear o indicado enderezo para asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fora posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



CAPÍTULO VII

PagamentosArtigo 23. *Pagamento*

1. O pagamento das axudas concedidas farase de conformidade co disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, polo que se desenvolve o procedemento de aprobación do gasto e pagamento de subvencións de Galicia.

2. O pago da axuda recolle a posibilidade de pago con carácter anticipado de ata o 40 por cento da axuda concedida, tramitándose de oficio polo órgano instrutor, tras a notificación da concesión da subvención.

O pagamento realizarase de acordo coa seguinte distribución anual:

– Para o curso 2022/23:

Ano 2022	40 % da axuda (con carácter anticipado)
Ano 2023	60 % da axuda (unha vez presentada a documentación recollida no punto 3)

– Para o curso 2023/24:

Ano 2023	40 % da axuda (con carácter anticipado)
Ano 2024	60 % da axuda (unha vez presentada a documentación recollida no punto 3)

Aos efectos de garantir unha adecuada imputación dos gastos subvencionables a cada unha das anualidades nas que se distribúe o crédito desta convocatoria, o importe destes anticipos debe xustificarse con gastos realizados e pagados nos períodos de setembro a decembro dos anos 2022 e 2023, respectivamente.

Para o curso 2022/23, o centro docente concertado terá que presentar a documentación recollida no punto 3 antes do 3 de xullo de 2023, e, para o pagamento no curso 2023/24, antes do 3 de xullo de 2024.

3. Documentación que se vai presentar:

a) Nóminas e outros documentos acreditativos dos gastos derivados da execución das actividades subvencionadas. Xustificación bancaria do pagamento á persoa contratada.



b) Anexo II (declaración doutras axudas) cuberto e asinado.

c) Relación de gastos mensuais e a suma total que se xustifica para o pagamento.

d) Documento de toma de coñecemento facilitado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

e) Certificado de participación no programa.

f) Memoria das actividades realizadas, asinada pola persoa representante legal do centro, conforme o proxecto explicativo presentado coa solicitude, que permita asegurar a relación directa dela cos xustificantes de gasto que se acheguen.

g) Declaración do cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo aos obxectivos ambientais (DNSH) (anexo III).

4. Os documentos acreditativos dos gastos deberán reunir todos os requisitos exixidos pola normativa vixente. Se a xustificación está incompleta ou é incorrecta, pagarase unicamente a cantidade da axuda concedida correctamente xustificada.

5. Para os efectos do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deberá presentar a declaración responsable recollida no número 4 do artigo 5 desta orde, no momento da solicitude e do pagamento.

6. No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe da axuda, o 2º pagamento diminuirá proporcionalmente.

Artigo 24. *Fiscalización e control*

1. Os centros beneficiarios quedarán obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e de control do destino das axudas.

2. Así mesmo, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poderá realizar, en calquera momento e ata transcorridos tres anos a partir da resolución de concesión das axudas, as comprobacións e as avaliacións que considere oportunas sobre as actuacións realizadas e a xustificación.



3. Os centros beneficiarios darán a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades que foron obxecto de subvención.

4. Os centros beneficiarios deberán gardar a rastrexabilidade de cada un dos investimentos e actuacións realizadas, así como a correspondente documentación acreditativa destes durante tres anos contados desde o último pagamento, de conformidade co artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) nº 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, ao ser a contía máxima da axuda inferior a 60.000 euros. Someteranse ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia e no Regulamento (UE, Euratom) nº 2018/1046. En particular, deberán autorizar á Comisión, á OLAF, ao Tribunal de Contas Europeo e, cando cumpra, á Fiscalía Europea para exercer os dereitos que lles recoñece o artigo 129, número 1, do referido Regulamento financeiro.

5. As medidas cofinanciadas mediante os fondos europeos do Mecanismo de recuperación e resiliencia deberán respectar o principio de «non causar un prexuízo significativo ao ambiente» no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2020/852.

6. Os centros beneficiarios deberán asegurar a regularidade do gasto subxacente e a adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr o conflito de intereses e o dobre financiamento.

7. Os centros beneficiarios serán responsables da fiabilidade e o seguimento da execución das actuacións subvencionadas, de maneira que poida coñecerse en todo momento o nivel de consecución de cada actuación e dos fitos e obxectivos que se estableceron respecto diso.

8. Para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) nº 2021/241 polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, a Administración e cantos órganos se contemplan no devandito artigo, poderán solicitar nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, os datos contidos no devandito artigo, así como acceder á información contida no Rexistro de Titularidades Reais, creado pola Orde JUS/319/2018, ou o acceso a outras bases de datos da Administración que poidan fornecer devanditos datos sobre os titulares reais. Tamén será posible a cesión de información entre estes sistemas e o Sistema de Fondos Europeos, segundo as previsións contidas na normativa europea e nacional aplicable.



9. Os centros beneficiarios deberán asumir calquera outra obriga comunitaria ou nacional que resulte de aplicación por razón do financiamento do Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Artigo 25. Perda do dereito ao cobramento da axuda

1. O centro docente perderá o dereito ao cobramento da axuda polas seguintes causas:

a) Xustificación de forma incompleta ou fóra de prazo.

b) Incumprimento dos fins ou obxectivos para os cales se concedeu.

c) Perda da capacidade xurídica ou de obrar, ou inhabilitación para ser beneficiario de subvencións e axudas públicas, nos termos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. De concedérselle outra subvención por esta mesma finalidade no prazo de vixencia desta convocatoria, a entidade terá que comunicalo á Administración, segundo dispón o artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para que, en aplicación do seu artigo 17.3, o importe da subvención se minore, co fin de que, illadamente ou en concorrencia coas subvencións concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, non supere o 100 % do investimento.

Estas subvencións serán compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo obxecto e finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais ou de organismos internacionais, pero o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actuación subvencionada.

Conforme o artigo 9 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, os proxectos de investimento financiados polo Mecanismo de recuperación e resiliencia poden recibir axuda doutros programas e instrumentos



da Unión sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo que o que xa financie a subvención deste programa.

3. No caso de que se revogue a axuda, o centro docente terá que reintegrar as cantidades percibidas e os xuros de demora xerados desde o momento do seu pagamento, nos termos que figuran nos artigos 33 a 38 da referida Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 26. *Emprego de logos e literatura obrigada*

Os centros educativos beneficiarios deben cumprir coas obrigacións en materia de información, comunicación e publicidade previstas no artigo 34 do Regulamento (UE) nº 2021/241, relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia, sobre o financiamento da Unión Europea das medidas incluídas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia. En particular, nas medidas de información e comunicación das actuacións (carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións en prensa, certificados etc.), deberanse incluír os seguintes logos:

– O emblema da Unión Europea.

– Xunto co emblema da Unión, incluírase o texto «Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU».

Asemade incluírán os seguintes logos:

– Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

– Ministerio de Educación y Formación Profesional.

Teranse en conta as normas gráficas do emblema da Unión e as cores normalizadas establecidas no anexo II do Regulamento de execución 821/2014. Pódese consultar a seguinte páxina web: <https://publications.europa.eu/code/es/es-5000100.htm> e realizar descargas en: https://europa.eu/about-eu/basic-information/symbols/flag/index_es.htm

Todos os carteis informativos e placas deberán colocarse nun lugar ben visible e de acceso ao público.



Artigo 27. Medidas antifraude

A detección de feitos que puideran ter sido constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto:

<https://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>

Así mesmo, a Xunta de Galicia ten a disposición da cidadanía un canal de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude a través do Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI) https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=es_ES

A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, tal como se establece no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo, e na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

O 18 de febreiro de 2022 aprobouse pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade (actual Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da consellería, así como de Agadic, no marco do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta o 10 de decembro de 2021, enmarcado dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica, dispoñibles no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, <https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional>

Artigo 28. Publicidade

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación



da norma reguladora, beneficiario, o programa e crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Igualmente, farano na correspondente páxina web oficial nos termos previstos no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Así mesmo, e de conformidade cos artigos 18.3 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a concesión das axudas reguladas nesta convocatoria á Base de datos nacional de subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

As persoas interesadas poderán facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas no artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

Así mesmo, a solicitude para ser beneficiario da axuda levará implícita a autorización, no suposto de que se conceda a axuda solicitada, para a inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e Sancións dependente da Consellería de Facenda, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na súa solicitude, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións. Non obstante, as persoas ou entidades solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións, cando concorra algunha das circunstancias previstas na letra d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

CAPÍTULO VIII

Disposicións derradeiras

Disposición derradeira primeira. *Recursos*

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



Disposición derradeira segunda. *Competencias*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar todas as actuacións e medidas que sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento do previsto nesta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2022

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022; DOG núm. 151, do 9 de agosto)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades




PROCEDEMENTO AXUDAS A CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS PARA A CONTRATACIÓN DE PROFESORADO DE APOIO E REFORZO PROA + NO MARCO DO PLAN RECUPERA	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO ED301M	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE						
CENTRO EDUCATIVO						NIF
<input type="text"/>						<input type="text"/>
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
PARROQUIA			LUGAR			
<input type="text"/>			<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DA NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil que se faciliten a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: inrcf5t2-pwg7-mx44-ehs9-zegznm7f1mg3




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**
ANEXO I
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:


1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta axuda.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta axuda, que son as que, a continuación, se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento das obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora
<https://sede.xunta.gal>

CVE-DOG: inrcf5t2-pwg7-mx44-ehs9-zegznm7f1mg3


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**
ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Certificado asinado pola persoa responsable no que se faga constar:
- a) A porcentaxe do alumnado vulnerable matriculado no centro.
 - b) O número total do alumnado matriculado no centro.
 - c) A porcentaxe do alumnado escolarizado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado no nivel para o que se solicita o reforzo educativo.
 - d) A porcentaxe do alumnado con áreas ou materias do ámbito científico-matemático non superadas no curso anterior, matriculado no nivel para o que se solicita o reforzo educativo.
 - e) A porcentaxe do alumnado con áreas ou materias do ámbito sociolingüístico non superadas no curso anterior, matriculado no nivel para o que se solicita o reforzo educativo.
- Declaración responsable da ausencia de conflito de intereses (DACI) en relación coa prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses que establece a normativa española e europea e os pronunciamentos que, respecto da protección dos intereses financeiros da Unión, realízanse ou poidan realizar as institucións da Unión Europea (anexo IV.A da Orde HPF/1030/2021).
- Declaración responsable da cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), establecida no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, para a identificación do perceptor final de fondos (anexo IV.B da Orde HPF/1030/2021).
- Declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) (anexo IV.C da Orde HPF/1030/2021).
- Declaración responsable, no caso das empresas que resultasen beneficiarias dos préstamos ou anticipos con cargo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia en exercicios anteriores, de estar ao día no pagamento das obrigacións de reembolso de calquera outro préstamo ou anticipo concedido anteriormente con cargo aos créditos especificamente consignados para a xestión destes fondos nos orzamentos xerais do Estado.
- Declaración responsable de que cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación.
- Aceptación da cesión dos datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>
Consulta das inhabilitacións para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta das concesión de subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non

 **SEDE ELECTRONICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora





CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ANEXO I
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado da tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao devandito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXP e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias. A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e o estudo da execución e a avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos segundo o disposto no artigo 125, punto 2, artigo 140, puntos 3 a 5, e anexo XIII, punto 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e a supresión dos seus datos ou retirá-los, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 23 de setembro de 2022 pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a contratación de profesorado de apoio e reforzo PROA+ (Plan Recupera) nos cursos 2022/23 e 2023/24, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento ED301M).

SINATURA DO TITULAR OU REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

, de de



Xacobeo 21-22




Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

ED301M-AXUDAS A CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS PARA A CONTRATACIÓN DE PROFESORADO DE APOIO E REFORZO PROA+ NO MARCO DO PLAN RECUPERA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
CENTRO EDUCATIVO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta axuda.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta axuda, que son as que, a continuación, se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento das obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


DECLARACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE NON CAUSAR UN PREXUÍZO SIGNIFICATIVO AOS OBXECTIVOS AMBIENTAIS (DNSH)

ED301M - AXUDAS A CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS PARA A CONTRATACIÓN DE PROFESORADO DE APOIO E REFORZO PROA+ NO MARCO DO PLAN RECUPERERA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

CENTRO EDUCATIVO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA:

Que, tendo en conta todas as fases do ciclo da vida do proxecto ou actividade que se vai desenvolver, tanto durante a súa implantación como ao final da súa vida útil, cumprirá co principio DNSH de «Non causar un prexuízo significativo» exixido polo Regulamento 2021/241, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, de maneira que:

1. Causa un prexuízo significativo aos seis obxectivos ambientais do artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2020/852:

OBXECTIVO		SI	NON
Mitigación do cambio climático	Considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á mitigación do cambio climático se dá lugar a considerables emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Adaptación ao cambio climático	Considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á adaptación ao cambio climático se provoca un aumento dos efectos adversos das condicións climáticas actuais e das previstas no futuro, sobre si mesma ou nas persoas, a natureza ou os activos.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Utilización e protección sustentables dos recursos hídricos e mariños	Considérase que unha actividade causa prexuízo significativo á utilización e protección sustentables dos recursos hídricos e mariños se vai en detrimento do bo estado ou do bo potencial ecolóxico das masas de auga, incluídas as superficiais e subterráneas, e do bo estado ecolóxico das augas mariñas.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Economía circular, incluídas a prevención e a reciclaxe de residuos	Considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á economía circular, incluídas a prevención e a reciclaxe de residuos, se xera importantes ineficiencias no uso de materiais ou no uso directo ou indirecto de recursos naturais, se dá un aumento significativo da xeración de residuos, ou tratamento mecánico-biolóxico, a incineración ou o depósito en vertedoiros de residuos; ou se a eliminación de residuos a longo prazo pode causar un prexuízo significativo e a longo prazo para o ambiente.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Prevenção e control da contaminación á atmosfera, á auga ou ao solo	Considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á prevención e ao control da contaminación cando dá lugar a un aumento significativo das emisións de contaminantes á atmosfera, á auga ou ao solo.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas	Considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á protección e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas cando vaia en gran medida en detrimento das boas condicións e a resiliencia dos ecosistemas, ou vaia en detrimento do estado de conservación dos hábitats e as especies, en particular daqueles intereses para a Unión.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

 2. A entidade solicitante non desenvolve actividades excluídas* segundo o indicado pola Guía técnica sobre a aplicación do principio de «Non causar un prexuízo significativo» en virtude do regulamento relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia. SI NON

*actividades excluídas son:

- Refinarias de petróleo.
- Centrais térmicas de carbón e extracción de combustibles fósiles.
- Xeración de electricidade e/ou calor utilizando combustibles fósiles e relacionados coas súas infraestruturas de transporte e distribución.
- Eliminación de refugallo (por exemplo, nucleares, que poidan causar danos a longo prazo ao ambiente).
- Investimentos en instalacións para a deposición de residuos en vertedoiros ou investimentos en plantas de tratamento biolóxico mecánico (MBT) que implique un incremento da súa capacidade ou da súa vida útil (salvo plantas de tratamento de residuos perigosos non reciclables).
- Actividades cubertas polo réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (segundo o anexo I da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro).

 3. A entidade solicitante non prevé efectos directos do proxecto ou actividade sobre o ambiente, nin efectos indirectos primarios, entendendo como tales aqueles que poidan materializarse tras a súa finalización, unha vez realizado o proxecto ou actividade. SI NON

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de
